



## **CIRCULAR 76/2011**

- A todas as Delegacións (\*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(\*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

## **CAMPIONATO GALEGO DE CROSS CORTO POR CLUBES**

Ourense, 15 de xaneiro do 2012

**Art. 1)-** A Delegación da FGA en Ourense organizará o **Campionato Galego de cross corto por clubs** o domingo 15 de xaneiro do 2012 en Ourense no circuíto de Monterrei.

**Art. 2)-** Poderán participar atletas das categorías **promesa** (nados en 1990, 1991 e 1992), **senior** (nados en 1989 e anteriores ata veteran) e **veteráns** (dende o día que cumplan 35 anos).

**Art. 3)-** Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

- 3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2011/12) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.
- 3.2.- Atletas con ficha pola FGA, inda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.
- 3.3.- Atletas nacionais ou extranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- 3.4.- Admitirase a participación a título individual sempre e cando o atleta se inscriba en prazo e forma.

**Art.4).** Realizárase soamente unha clasificación por equipos conxuntamente con todas as categorías (absoluta) tanto en homes coma en mulleres. E da mesma maneira existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos acadados en ambas clasificacións, a masculina e a feminina. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría.

**Art.5)** A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionárase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que daqueles que non teñan saído a competir con alomenos 4 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.
6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuio carto clasificado teña terminado máis preto ó gañador da proba.

**Art.6).** Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:



## Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:  
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net)  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA

| CAMPIONATO GALEGO DE CROSS POR EQUIPOS |                |          |                 |
|--|----------------|----------|-----------------|
| HORA                                   | CATEGORÍA      | SEXO     | DISTANCIA       |
| 12:50                                  | Senior-Promesa | Mulleres | 4.000 m. aprox. |
| 13:15                                  | Senior-Promesa | Homes    | 4.000 m. aprox. |

(\*) Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.

**Art.7)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da FGA [www.atletismogalego.org](http://www.atletismogalego.org), como data límite o martes anterior a competición, ata as 20'00 horas do día **10 de xaneiro**.

**Art.8)** Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán retiralos seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art.9)** A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

**Art.10)** Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

**Art.11)** Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados tanto en homes como en mulleres.

**Art.12)** Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.

**Art.13)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.
- Os clubs que desexen anular a participación de algún dos seus atletas deberán remitir un email a [secgeneral@fgatletismo.com](mailto:secgeneral@fgatletismo.com) sinalando o nome e apelidos do/s atletas que da de baixa e o motivo da mesma, sempre cunha antelación dun mínimo de 48 horas ao día do evento.

Victor Arufe Giraldez  
Secretario Xeral da FGA  
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 20 de decembro de 2011



# Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: [fgatletismo@telefonica.net](mailto:fgatletismo@telefonica.net).  
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

**Nota:** Achégase Circuito do campionato e vias de acceso.

